



4. A oratoria


Dentro do noso estudo da literatura romana, tocamos agora un xénero moi apreciado e cultivado nas civilizacións clásicas: a oratoria

4.1. Importancia da oratoria en Grecia e en Roma

A *polis* grega, e en concreto Atenas, constituía un entorno onde a participación na vida pública esixía un certo dominio da oratoria: a arte de falar ben diante dun auditorio co obxecto de convencelo, en asuntos tanto xudiciais como políticos. Levada a un amplo desenvolvemento na lingua grega por Demóstenes, en Roma foi levada, en latín, a un alto nivel por Catón o Censor (s. III-II a. C.).

A época dourada deste xénero en Roma foron os ss. II-I a. C., cando xurdiron as súas principais figuras, entre as que destaca, por riba de todas, Cicerón. Con el, entre outros, como Lucio Licinio Craso, Quinto Hortensio Hórtalo ou Gaio Xulio César, chegou a desenvolverse unha disciplina teórica que alcanzou un alto grao de sofisticación: a retórica.

4.2. A vida de Cicerón (106-43 a. C.)



A de Marco Tulio Cicerón é a figura mellor coñecida da Antigüidade: conservamos unha grande cantidade de escritos seus (incluída unha correspondencia de ata 800 cartas), e é citado por moitos coetáneos, pois foi protagonista da vida política do século final da República. Ademais, Cicerón foi considerado moi axiña o canon de perfección da prosa latina: a xuízo das xeracións posteriores, acabou por levar ó cumio unha arte, a oratoria, que os romanos practicaran desde sempre e que comezaran a perfeccionar a través do seu contacto cos gregos.

Nacido na aldea de Arpino, próxima á capital, os antepasados de Cicerón non formaran parte da clase dirixente de Roma: ía ser un *homo novus*, o primeiro da súa familia en destacar na vida pública. Con todo, a posición económica do seu pai permitiulle tomar clases dos mellores mestres da cidade. Tras debutar con éxito como orador ós 26 anos nun caso de certa relevancia política, marchou a Grecia, onde perfeccionou as súas habilidades baixo a instrución dos máis prestixiosos especialistas.

Xa de volta, no ano 75 entrou na carreira política como cuestor (secretario de Facenda) da provincia de Sicilia, e cinco anos despois actuou como fiscal contra o gobernador saínte da illa, Gaio Verres, logrando un veredicto de condena. Co prestixio gañado neste caso, Cicerón emprendeu unha exitosa carreira política, que o levou a alcanzar a máxima maxistratura romana: foi elixido cónsul en 63 a. C. Durante ese ano contivo un intento de golpe de Estado liderado por Lucio Catilina, un nobre que fracasara en varios intentos de chegar ó consulado, arruinándose en sucesivas campañas electorais. Así, Catilina conspirou con outros políticos en situación parecida á súa para tomar o poder pola forza e decretar a cancelación das débedas. Cicerón obtivo informes veraces do que se estaba a preparar e tomou as medidas políticas e militares axeitadas para impedir o golpe. En agradecemento pola súa eficaz actuación, o Senado outorgoulle o título honorífico de *pater patriae*. Porén, levado da euforia, unha vez presos os

conxurados, avogou por que fosen condenados a morte. E, contrariando un dereito fundamental dos cidadáns romanos, mandou executalos sen concederlles o recurso da apelación á asemblea do *populus*.

Coinciden estes feitos co ascenso político de Xulio César, quen nun principio buscara como aliado a Cicerón. Este rexeitou a súa amizade, crendo que César só pretendía aproveitarse do seu prestixio. En vinganza, César utilizou un seguidor seu, chamado Publio Clodio, para acusalo de vulnerar a lei na execución de Catilina e os seus cómplices. Ante a ameaza dun xuízo, Cicerón asumiu o exilio. Marchou a Grecia, onde estivo durante un ano, o máis amargo da súa vida ata ese momento, segundo as súas propias palabras: non comprendía como o Estado o apartaba, cando había ben pouco o glorificara.

Á volta, asumiu as esixencias de César, quen por entón se aliara para dominar Roma con Gneo Pompeio, o militar máis admirado de Roma, e con Marco Licinio Craso, un home moi rico. Xa que logo, Cicerón desapareceu da primeira liña da política romana,

apoiando, non de moi bo grado, a César. Por outra banda, enfasiado da vida pública, decidiu escribir tratados de exposición filosófica, tema que coñecía moi ben dos seus anos de formación. Así, ademais, quixo achegar a lingua latina ó nivel de desenvolvemento acadado pola grega. Neste campo, o modelo



eran os diálogos de Platón, polo que el tamén se serviu da estrutura dunha conversa: tanto o *De republica* como o *De legibus* teñen forma de diálogo, e neles o autor expón o seu ideal de goberno: o da República romana, que debía ser rexida polos chamados "mellores cidadáns", ou sexa, unha alianza entre a vella nobreza terratenente patricia e os ricos comerciantes.

A fase final da vida de Cicerón vén determinada pola sucesión de guerras civís que acabarían coa República romana. No ano 49, a alianza entre César e Pompeio creboise e, neste primeiro conflito, Cicerón púxose do lado do perdedor, Pompeio. Tras a derrota, o seu papel na política romana foi, aínda máis, o de simple subordinado de César. E, no plano literario, volveu á filosofía, desta vez coa idea de someter a exame todas as escolas de pensamento gregas. Compuxo, deste xeito, diversos tratados sobre cuestións concretas, como a amizade (*De amicitia*), a vellez (*De senectute*), a adiviñación (*De divinatione*) ou os deberes do bo cidadán (*De officiis*).

Pero no ano 44 César foi asasinado, o que trouxo un novo período de inestabilidade. Os herdeiros políticos de César, Marco Antonio (o seu lugartenente) e Gaio Octavio (o seu fillo adoptivo) desexaban vingarse dos asasinados, mais ambos os dous bandos acordaron unha tregua temporal. Nestas circunstancias, Cicerón quixo ter de novo un papel importante, e ofreceuse como conselleiro ó -coidaba el- inexperto Octavio, daquela en malas relacións con Antonio. Así, decidiu atacar politicamente a este último, pero, cando ninguén o esperaba, Antonio e Octavio asinaron un pacto entre eles. Este acordo incluía a eliminación física dos inimigos políticos de ambos, e Antonio esixiu a cabeza de Cicerón, quen foi asasinado o 7 de decembro do ano 43 a. C, ós 63 anos de idade.

4.3. Os discursos de Cicerón e os seus tipos

En xeral, os oradores antigos producían tres tipos de discursos, chamados *genera*:

-*genus iudiciale* (discurso diante dun tribunal ou xurado, no rol de acusación ou defensa): bos exemplos son as *Verrinas (In Verrem)*, os discursos que Cicerón pronunciou, no ano 70, como fiscal no xuízo contra Gaio Verres, gobernador da Illa de Sicilia acusado de malversación de fondos públicos; e tamén o *Pro Milone* (do ano 52), na defensa de Tito Annio Milón, acusado de asasinar a Publio Clodio, o seu rival político, nun altercado na vía pública. Cicerón gañou o primeiro caso, pero perdeu o segundo.

-*genus deliberativum* (discurso diante dunha asemblea, maiormente de tipo político, para gañar o seu apoio): os dous principais son as *Catilinarias (In Catilinam)*, do ano 63, coas que convenceu o Senado da implicación de Lucio Catilina nun golpe de Estado; e as *Filípicas (In M. Antonium)*, pronunciadas no ano 42, que constituíron un furioso ataque político a Marco Antonio, e que acabou por custarlle a vida a Cicerón. As *Filípicas* recibiron ese nome por seren concibidos como unha homenaxe ó ateniense Demóstenes e os seus discursos contra Filipo de Macedonia, case tres séculos antes.

-*genus epidicticum* (discurso expositivo a propósito dalgunha circunstancia especial, como a loanza dunha persoa con motivo da súa morte, por exemplo): o máis logrado é, probablemente, o *Pro Marcello* (ano 46), un discurso de agradecemento a Xulio César por permitir o regreso do exilio de Marco Claudio Marcelo, un dos políticos que con maior forza se lle opuxera, e que tomara as armas contra el na guerra civil. Nel Cicerón eloxia a clemencia de César, ó tempo que fai unha chamada á restauración das institucións republicanas, daquela nas mans do vencedor do conflito.

4.4. Características dos discursos de Cicerón

O estilo oratorio de Cicerón marcou un antes e un despois na oratoria romana, e nos seus discursos pódese notar unha evolución. Na súa época existían tres estilos ou escolas de oratoria: a aticista (con Demóstenes como modelo, evitaba adornos e artificios), a asianista (oposta á anterior) e a rodia (cercana á asianista, pero máis moderada). Cicerón comezou sendo bastante ampuloso, con períodos longos e abundancia de figuras retóricas, pero, coa madurez, achegouse ó estilo rodio: as súas expresións volvéronse máis contidas, e os seus discursos incluían cada vez máis reflexións filosóficas.

En canto ós recursos que Cicerón empregou ó longo da súa carreira como orador, destacan un gran dominio da lingua latina, o uso de figuras como a anáfora, a antítese ou a metáfora, as repeticións enfáticas (ou paralelismos) para darlle máis forza á mensaxe, e tamén a ironía e o sarcasmo. Por outra banda, brilla na argumentación lóxica e na apelación ás emocións do público.

Cómpre notar tamén que os discursos de Cicerón son a fonte principal de coñecemento do seu pensamento político, imprescindible para entender a evolución dos acontecementos na fase final da República romana. A este respecto, o autor defendeu sempre, e con paixón, as institucións dese réxime, moi antigas e causantes, ó seu xuízo, do éxito de Roma como dominadora do Mundo Antigo. Ese éxito lográrase, na súa opinión, mediante o respecto, individual e colectivo, polas leis e pola xustiza. Finalmente, critica a corrupción e as ambicións persoais, que levaban a moitos políticos a poñer os seus intereses particulares por riba dos do Estado (aínda que o propio Cicerón non era, el mesmo, pouco ambicioso).

4.5. A obra retórica de Cicerón

Cicerón tamén dedicou tempo a teorizar sobre a arte de construír discursos, e escribiu unha serie de obras que foron moi apreciadas na Idade Media e no Renacemento. A esta época pertence o *De oratore*, obra na que expón as súas ideas sobre a formación e a técnica que cómpre desenvolver para ser un bo orador. Recolle tanto a tradición romana como a ineludible influencia grega, asumindo en gran medida o legado de Demóstenes, o orador ateniense do s. IV a. C. que se opuxera a Filipo de Macedonia, quen naquela época ameazaba a independencia da súa cidade.

A técnica proposta por Cicerón inclúe cinco fases de elaboración dos discursos: *inventio* (elección do tema e do material), *dispositio* (estructuración do discurso), *elocutio* (ornamentación verbal), *memoria* (aprendizaxe do texto) e *actio* (declamación, co correspondente uso adecuado da voz e dos xestos). Ademais, Cicerón establece as partes de todo discurso ben artellado: *exordium* (introdución, encamiñada a atraer a atención), *narratio* (exposición breve e clara do asunto a debater), *confirmatio* (argumentos favorables á tese que se defende), *refutatio* (na que se rebaten as posibles razóns da parte contraria) e *peroratio* (resumo final do exposto, para de novo atraer a atención do auditorio).

Anos máis tarde, Cicerón escribiría outras obras sobre o tema, entre as que destacan o *Brutus* (unha historia da oratoria romana) e o *Orator*, dedicado a M. Xunio Bruto, no que describe o perfil ideal do orador.

Para unha visión rápida do exposto ata aquí, podes ver o breve vídeo *Romana Oratoria*.



Lectura: Principio das *Catilinarias*

Quousque tandem abuteris, Catilina, patientia nostra? Quamdiu etiam furor iste tuus nos eludet? Quem ad finem sese effrenata iactabit audacia? Nihilne te nocturnum praesidium Palatii, nihil urbis vigiliae, nihil timor populi, nihil concursus bonorum omnium, nihil hic munitissimus habendi senatus locus, nihil horum ora voltusque moverunt? Patere tua consilia non sentis, constrictam iam horum omnium scientia teneri coniurationem tuam non vides? Quid proxima, quid superiore nocte egeris, ubi fueris, quos convocaveris, quid consili ceperis quem nostrum ignorare arbitraris? O tempora, o mores! Senatus haec intellegit, consul videt; hic tamen vivit. Vivit? Immo vero etiam in Senatum venit, fit publici consili particeps, notat et designat oculis ad caedem unumquemque nostrum.

(M. Tullii Ciceronis *In L. Catilinam Orationes*, I, 1-2)